



## Síntomas de desorientación e crise

---

Xosé Luís Barreiro Rivas

### 1.- Cando a modernidade só é unha trincheira

As técnicas, as estéticas, os símbolos e os temarios da cultura e da arte sempre están en transformación. E ben pode terse por lei de vida que no mesmo intre no que un estilo, unha técnica, ou un sistema de valores e prioridades acada trazas de perfección expresiva e de aceptación masiva, empeza tamén a ser arrombado por un novo canon que agroma imparables nas máis diversas actividades artísticas e nos máis diversos espazos sociais. Xa que logo, dado que os cambios de estilos, canons e culturas seguen unha pauta temporal moi regular e moi visible, pódese afirmar que o desenvolvemento da cultura é coma un calendario ilustrado da humanidade, no que, valéndonos dalgúns coñecementos moi elementais, podemos ler excelentes crónicas sobre as crenzas, as formas políticas, a organización

social, a distribución da riqueza e os adiantos técnicos que caracterizaron cada época.

Hai que dicir, no entanto, que os cambios culturais e artísticos nunca foron tan radicais como dan a entender as aparencias, xa que, consciente de que o saber e a civilización son acumulativas, todas as sociedades tiveron coidado en manter –coma se foran tesouros– as máis espléndidas obras e os máis significativos vestixios dos séculos pasados, ao tempo que a correcta recepción da estética e da simboloxía dos devanceiros nos foi obrigando a entender e valorar as obras do pasado, dando por sentado que tanto a arte como a cultura en xeral se expresan en procesos acumulativos que deben ser accesibles en toda a súa diversidade e profundidade.

Neste contexto intelectual a modernidade sempre foi vivida como o prezo necesario dos procesos de cambio, ou na forma